

## RESOLUCIÓN REITORAL DO 08/09/2023 POLA QUE SE CREA A OFICINA DE CAPTACIÓN DE PERSOAL INVESTIGADOR DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

O Plan estratéxico, que a Universidade da Coruña (UDC) aprobou para o período 2022-2026, inclúe entre os seus obxectivos estratéxicos o fomento dunha investigación de calidade, incluídas políticas activas de captación e retención do talento investigador.

As accións de atracción e retención do talento investigador son de vital importancia para a UDC, tanto pola súa misión de xerar coñecemento ao servizo do progreso científico, tecnolóxico, económico e social, como polo impacto que ten o éxito da contratación de persoal investigador a través de programas de recursos humanos nacionais e internacionais nos indicadores establecidos para o financiamento da institución.

Neste contexto, xorde a necesidade de crear unha oficina recoñecible dentro da propia Universidade e con capacidade de actuación exterior, que exerza as súas funcións e sirva de canle de comunicación entre os distintos axentes. Por todo iso,

### RESOLVO

Primeiro. Crear a Oficina de Captación de Persoal Investigador (OCPI-UDC). Esta oficina nace co obxectivo de apoiar as políticas e programas relacionados coa captación de talento e a excelencia investigadora, tanto a nivel nacional como internacional.

Segundo. A Oficina de Captación de Persoal Investigador da UDC depende organicamente da Xerencia e funcionalmente da Vicerreitoría de Política Científica, Investigación e Transferencia. A Oficina disporá dos fondos específicos necesarios para o desenvolvemento da súa actividade.

Terceiro. Son funcións da Oficina:

- Elaborar o plan de actividades anual de captación de talento que se presentará para a súa aprobación pola Comisión de Investigación delegada do Consello de Goberno.
- Coordinar e desenvolver as actividades necesarias para levar a cabo o devandito plan.
- Identificar e atraer persoal investigador interesado no desenvolvemento da súa carreira profesional na UDC.
- Acompañar o novo persoal investigador na súa incorporación á UDC.
- Asesorar, dar soporte técnico e apoio a investigadores na elaboración de propostas individuais de excelencia científica.

Cuarto. A dirección desta oficina será designada polo reitor. A dirección da Oficina deberá presentar anualmente unha planificación de actividades á Comisión de Investigación delegada do Consello de Goberno para a súa aprobación. Esta planificación garantirá a coordinación coa política científica da UDC e en particular cos seus institutos e centros de investigación.

<b>Código Seguro De Verificación</b>	uZnYDAT4b6a0D8gCvTwiFA==	<b>Estado</b>	<b>Data e hora</b>
<b>Asinado Por</b>	Reitor - Julio Ernesto Abalde Alonso	Asinado	08/09/2023 12:35:24
<b>Observacións</b>		<b>Páxina</b>	1/2
<b>Url De Verificación</b>	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/uZnYDAT4b6a0D8gCvTwiFA=">https://sede.udc.gal/services/validation/uZnYDAT4b6a0D8gCvTwiFA=</a>		
<b>Normativa</b>	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





Quinto. Adscribese a esta oficina o persoal actual da área de Apoio á Ciencia Excelente da OTRI-UDC. Así mesmo, poderá contratarse persoal para o desenvolvemento das actividades propias da Oficina.

Sexto. A Oficina de Captación de Persoal Investigador desenvolverá a súa actividade en coordinación coa rede de centros, o equipo de dirección da investigación, a Oficina de Proxectos Internacionais e calquera outro servizo da UDC relacionado coa actividade investigadora.

Sétimo. Que a presente resolución se publique no Taboleiro Electrónico Oficial (TEO) da UDC e entre en vigor o día da súa publicación.

<b>Código Seguro De Verificación</b>	uZnYDAT4b6a0D8gCvTwiFA==	<b>Estado</b>	<b>Data e hora</b>
<b>Asinado Por</b>	Reitor - Julio Ernesto Abalde Alonso	Asinado	08/09/2023 12:35:24
<b>Observacións</b>		<b>Páxina</b>	2/2
<b>Url De Verificación</b>	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/uZnYDAT4b6a0D8gCvTwiFA==">https://sede.udc.gal/services/validation/uZnYDAT4b6a0D8gCvTwiFA==</a>		
<b>Normativa</b>	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

